

Global express

A actualidade na aula

Afganistán: ¿Guerra contra o terrorismo?



1. Escribe 5 palabras que che suxira a foto 1

2. Escribe 5 palabras que che suxira a foto 2

3. Mira a foto 3 e responde:

¿Que fan estas persoas?

¿Quen cres que son?


¿Que están pedindo?



4. ¿Por que cres que as persoas da foto 3 din “Non á guerra”?

Antes de responder a esta pregunta imos realiza-las seguintes actividades

2. ¿Quen son os ganadores desta “guerra contra o terrorismo”?



Cando caeu Kabul nas mans dos muyahidíns, o Departamento de Estado norteamericano publicou un comunicado cualificando de “positiva” a súa victoria. Conseguiran expulsa-los soviéticos. Ó pouco tempo deseñouse o proxecto do principal gasoducto que atravesaría o oeste de Afganistán, unindo os pozos de gas de Turkmenistan (a terceira reserva mundial deste hidrocarburo con maior valor có petróleo nun futuro próximo) co subcontinente indio. Este proxecto sería “o novo corredor comercial na rexión, unha nova ruta da “seda negra” para o século XXI, separada da vía rusa (mar Caspio) e dos iranianos beneficiando os intereses estadounidenses. O proxecto estaba en mans da compañía americana Unocal, asociada coa firma saudita Delta Oil. Pero o proxecto non se puido levar a cabo, pois os talibán non resultaron ser máis amigos dos estadounidenses ca dos soviéticos.

Esta “Guerra contra o Terrorismo” que empezou chamándose “Xustiza Infinita” e despois pasou a chamarse “Liberdade Duradeira”, empezou co obxectivo de capturar a Ossama ben Laden e destruí-la organización Al Qaeda que lidera. Ben Laden, declarado “inimigo público número un” de EEUU, liderou nos oitenta a liga de islamistas árabes que, xunto ós afgáns, loitaron contra Moscova. Entón gozou, xunto cos talibán, do apoio de EEUU e dos seus servicios de información. Agora EEUU pretende expulsar do goberno de Afganistán os talibán.



MÁS INFORMACIÓN

Sobre petroleiras:
www.pdv.com/espanol

Sobre o gasoducto de Unocal:
www.pagina12.com.ar/2000/00-11/00-11-27/pag13.htm



Convén saber que:

O ex-presidente George Bush creou as empresas Bush-Overbey Oil Development Company e Zapata Petroleum Corporation. O seu fillo, G. W. Bush, o actual presidente de EEUU tamén se iniciou noutra compañía chamada Arbusto. Condoleeza Rice, asesora de seguridade do actual presidente de EEUU, traballou na empresa Chevron e un petroleiro da compañía leva o seu nome.

Dick Cheney, o vicepresidente de EEUU, foi presidente de Halliburton, o máis grande provedor do mundo de servicios e produtos para as compañías petrolíferas

5. Despois de ler e comentar na clase a información anterior, contestade a seguinte cuestión. Se EEUU consegue derroca-lo réxime talibán, dirannos que todos nos teremos librado dun centro exportador de terroristas, pero ¿que outro obxectivo non declarado se lograría?

6. Le algúns dos titulares que apareceron na prensa estes días e comenta qué che suxire o cómic que vén a continuación.

Bush ordénalle á CIA que mate a Ben Laden.

EL PAIS 22/10/01

A guerra impulsa as bolsas.

EL PAIS 14/10/01

EEUU probará novas armas en Afganistán.

EL PAIS 7/10/01


O Pentágono vai contar este ano cun orzamento de 345.000 millóns de dólares e os fabricantes de armamento e tecnoloxía de defensa están eufóricos, tras varios exercicios de redución nos gastos. Donald Rumsfeld, o xefe do Pentágono, pediu máis avións de recoñecemento para a busca e captura de Ossama ben Laden, a quen Washington responsabiliza dos atentados, e Boeing está disposta a accelera-la fabricación dos seus C-9, equipados coa máis avanzada tecnoloxía.

A forza aérea encargoulle a Boeing o desenvolvemento dunha bomba intelixente, un proxecto que compite con Lockheed.

O Pentágono adxudícalle a Lockheed Martin o maior contrato militar da historia.

EL PAIS 27/10/01

EL PAIS 7/10/01



7. Observa o mapa e fíxate nos países onde hai grupos integristas islámicos. ¿Que temor cres que teñen os gobernos destes países ante o chamamento de Al Qaeda a unha “guerra santa”?



EL PAIS

Despois le o fragmento da entrevista a unha líder islamista marroquí e comenta, ¿a quen beneficia tamén esta guerra?

Entrevista a Nadia Yassin, portavoz do movemento islamista marroquí Xustiza e Espiritualidade. El País 21/10/01.

Pregunta: ¿Que sentimentos lle inspiran os atentados do 11 de setembro?

Resposta: Por un lado, unha condena sen paliativos; por outro, a sensación de que Ossama ben Laden nos xogou unha mala pasada. Para aqueles, coma nós, que preconizámo-la non-violencia, para a gran maioría dos 1.300 millóns de musulmáns que fan unha lectura moderada do Corán, o que sucedeu prexudícanos. É un golpe duro porque algúns en Occidente intentarán face-la amálgama entre nós e Ben Laden. Tamén o é porque cada vez que un musulmán se atreva a criticar a EEUU ou a Occidente, será sinalado co dedo como un aliado de Ben Laden.

Pregunta: Pero Ben Laden é musulmán, é piadoso, é...

Resposta: E Franco tamén pertencía ó mundo cristián. Sexamos serios, Ben Laden é o fillo extraviado da versión saudita do islam. Traizoou a súa fe. E o wahabismo é belixerante, rixido, reductor, simplista, etc. A súa lectura do Corán é miope. Sitúase no outro extremo da súa interpretación universalista da mensaxe do islam.

3. ¿ Quien son os perdedores nesta “guerra contra o terrorismo”?



LA VANGUARDIA 8/11/01

A Cruz Vermella asegura que 500.000 afgáns poden morrer de fame este inverno.

EL PAIS 16/10/01

“Non nos maten a nós”.

EL PAIS 15/10/01

Éxodo de desesperados.


EL PAIS 27/9/01

Os bombardeos golpean a poboación civil.

EL PAIS 29/10/01 EL PAIS 7/10/01

8. Despois de analizares estes datos e le-los titulares da prensa, describe as necesidades e mailos problemas que sofre a poboación desprazada e refuxiada por mor da guerra.

9. Comenta o que che suxire este cómic



10. Agora volte le-la pregunta 4 e respóndea.

4. E nós, ¿que podemos facer?

 11. Debatede cada un destes puntos na clase e chegade a acordos o máis consensuados posible.

- A falsa percepción que difunden os medios de comunicación de que estamos ante un “choque de civilizacións”: Occidente-Islam. ¿Non é isto o que pretenden tanto Ben Laden coma os que teñen intereses petrolíferos e armamentísticos?
- A restricción das liberdades civís, como por exemplo o dereito á intimidade (teléfono, Internet, casa, desprazamentos...) ou a defensa xurídica, coa escusa da seguridade.
- O constante bombardeo de que a única solución é a violencia. O fomento da cultura da guerra, do ollo por ollo, que nos deixará a todos cegos.
- A situación de emerxencia á que millóns de afgáns e afganas xa se ven sometidos.



**Intermón
Oxfam**